



Xuntanza

Anduriña
Hércules
Píllara
Torquilla

Bóveda 21 a 23 de setembro de 2007

Informe elaborado polos grupos de anelamento Anduriña, Hércules, Píllara e Torquilla, e publicado *online* pola Sociedade Galega de Ornitoloxía a través de <http://www.sgosgo.org>.

Foto Portada. 22/09/07. Aneladores e *Sylvia communis*. Autor: © Roi Fernández / La Voz.

Bóveda Somoza Maior de Lemos, 21 a 23 de setembro de 2007

Crónica da xuntanza dos grupos de anelamento **Anduriña, Hércules, Píllara e Torquilla.**

A mañá do venres día 21 de setembro, xa con algunhas aves nos colectores, Paco Rosende (Grupo de Anelamento Hércules) e o seu can Koki, aparecían ante os ollos do mundo como unha auténtica "avanzadela" do que iría dar de sí esa fin de semana a xuntanza dos grupos de anelamento Hércules, Anduriña, Píllara e Torquilla na localidade de Bóveda. As sebes, campos e bosques da Somoza Maior de Lemos servían de novo de escenario perfecto para compartir experiencias, cooperar no traballo, botar uns risos e (iso sempre) ensinar e aprender a través do anelamento en prol do mellor coñecemento das aves que, naquela altura, migraban por esta zona da cunca do río Miño.

Chegou a tarde e con ela arrivamos, desde O Grove e Sanxenxo, Emilio Martínez (Anduriña), a súa dona Marisa Fandiño e o fillo dambos Doel, ademais do que escribe estas liñas. Saudamos a Paco e a Koki e de seguido fomos buscar lugares para pór as redes. Nun momento case máxico, no que tamén chegaban Pablo Sanmartín, David Álvarez, Simón Rial, Alba Dasairas, Verónica Calviño, Miguel Mora, Manuel Alonso, Soledad Bastos e Antonio Fernández (Anduriña), e tamén José Vicente González, Bartolomé Muñoz e Blanca (Torquilla), albiscou Emilio no ceo unha grande rapina identificada como águia cobreira (*Circaetus gallicus*)... sendo fustrigada en voo por un peneireiro cincenento (*Elanus caeruleus*)!!! Unha escea única, apaixonante, máis aínda porque para Emilio e para min (e para máis membros dos grupos de anelamento que tamén os viron) sería a nosa primeira cita galega do raro *Elanus*, unha beleza alada. Coa chegada de Alberto Monteagudo, Alexia de Río, Diana Fernández e Pablo Pita (Píllara), cos seus cans, completouse o elenco de persoas (17 entón) que "peitearíamos" a zona coas nosas redes e prismáticos nas subseguintes horas **[foto 1]** **[foto 2]**.

O tempo, magnífico para nós, despexado e calma, se ben non tan magnífico para propiciar entradas de migradores. O vento do nordés de días anteriores puido "drenar", como bo vento "de cola" que é, aos migrantes asentados temporalmente nestes hábitats tan favorábeis.

Antes de que chegara a noite xa cairan nas nosas redes uns vinte ferreiriños abelleiros (*Parus major*), grazas a Paco e á eficiencia do seu reclamo, unha serodia folosa amarela (*Hippolais polyglotta*), un tordo común (*Turdus philomelos*) e varios paporrubios (*Erithacus rubecula*), entre outras especies. Atrapamos un dos tres chascos norteños (*Saxicola rubetra*) que andaban pola zona (que volvería cair á mañá seguinte), e máis lonxe (de se capturado) quedou un xuvenil de tartaraña cincenenta (*Circus pygargus*), tamén data tardía para ela, que "patrullaba" un campo cercano. Atopamos tamén na zona un paspallás (*Coturnix coturnix*) medio depredado.

De seguido comezou a escurecer e cando estabamos pensando en acender as nosas lanternas e quinqués, dous pernileiros (*Burhinus oedícnemus*) pasaron voando e reclamando enriba das nosas cabezas: unha especie catalogada en perigo de extinción en Galicia que ben demostra o valor natural da Somoza Maior de Lemos!

Co sorriso nos beizos, montamos as nosas tendas de campaña os que iamos durmir "de campo", e de seguido demos boa conta de bocadillos, latas de conserva, queixos e demais viandas, pensando que nos depararía o día de mañá no tocante a capturas. Desde logo, un bo argumento para os nosos soños.



Foto 1. 23/09/07. Á esquerda, a maioría dos participantes na xuntanza, agás os integrantes de Píllara e de Torquilla; este último grupo aparece na **Foto 2**, a da dereita, con integrantes de Hércules e Anduriña (22/09/2007). Autor: © Paco Rosende / Hércules.

A xornada do sábado día 22 comezou cedo, para moitos cos berros dun corzo (*Capreolus capreolus*) aguardando impaciente o abrente. Algúns de nós, aínda de noite, foron abrindo as redes para telas listas coas primeiras luces do día, que xa se adiviñaban entre a néboa.

Secuencialmente, e coas cóstas máis ou menos doridas de durmir na tenda (e algúns envexando aqueles que durmiron de hotel), fomos almorzando e visitando as redes. A néboa comezaba a se esmorecer e de novo apareceu ante os nosos ollos o peneireiro cincento, buscando algunha presa que levarse á boca.

Chegou Felipe Calviño desde Betanzos, Martiño Cabana desde Lugo e pouco despois o fotógrafo do xornal *La Voz de Galicia*, unha vez conversamos sobre o tema con varios xornalistas vía telefónica en horas anteriores. Rubén Portas, no entanto, alucinaba con unha martaraña (*Martes martes*) que trouxo Emilio Martínez e que fora atropelada na estrada cercana, perguntándose como foi que chegou ata a Somoza Maior de Lemos á vez que collía mostras de tecidos e os metía nun tubos *Eppendorff* con alcol de 70° para o seu eventual estudo.

A actividade de anelamento por momentos era intensa, houbo moitas capturas pola mañá, todas elas interesantísimas: pica das árbores (*Anthus trivialis*), papamoscas negro (*Ficedula hypoleuca*), picafollas ibérico (*Phylloscopus ibericus*) [foto 4] e musical (*P. trochilus*), papuxas das amoras (*Sylvia atricapilla*), picafollas (*S. borin*), común (*S. communis*), do mato (*S. undata*) e cabecinegra (*S. melanocephala*), ferreiriños azul (*Parus caeruleus*) e abelleiro (*Parus major*) e unha sorpresa en forma de picanzo real (*Lanius meridionalis*) que fixo as delicias de aneladores e fotógrafos (agás do que o suxeitaba esquivando os seus peteirazos).

Pasou de novo o peneireiro cincento desta volta máis preto do campamento base á vez que diminuía o ritmo de capturas e que parte do grupo (Pillara) buscaba un novo lugar para anelar no límite dos concellos de Bóveda e Pobra do Brollón, un par de quilómetros ao sueste. Relocalizado o peneireiro pousado enriba dun piñeiro algo apartado da zona, houbo un que non se resistiu a fotografalo, con resultado discreto... [foto 3]



Foto 3. 22/09/07. O mellor que se puido facer, empregando *digiscoping*. **Especie:** *Elanus caeruleus*. **Autor:** © Cosme D. Romai.

Unha pausa para xantar e logo a seguir visitando as redes para comprobar como a calor do mediodía fai que as aves se “apalanquen” á sombra e se volvan menos activas. Un par de trigueiróns (*Emberiza calandra*), dúas lavandeiras verdeais (*Motacilla flava*) e dúas cotovías das árbores (*Lullula arborea*) mostrábanse con todo inquedas, entoando no caso das cotovías algunhas estrofas do seu belo e melancólico canto. Semellaban como se quixeran cair nas redes... máis adiante veremos se foi así.



Foto 4. 22/09/2007. Resultaron datas de captura interesantes (por serodias) para algunas especies estivais. **Especie:** *Phylloscopus ibericus*. **Autor:** © Roi Fernández / La Voz.

Ata hai non tanto tempo, os habitantes do val de Lemos capturaban inxentes cantidades de papuxas (*Sylvia* spp.) [foto 5] [foto 9] para consumo, especialmente en forma de “empanada de papuxas”. Afortunadamente, esta tradición está desaparecendo case ao mesmo ritmo que se degradan os hábitats aínda favorábeis paras estes fermosos passeriformes: sebes de matogueira, sebes arboladas, monte baixo entre cultivos e soutobosque rico en bagas.



Foto 5. 22/09/2007. Afortunadamente, as “empanadas de papuxas” semellan cousa do pasado. **Especie:** *Sylvia atricapilla*. **Autor:** © Cosme D. Romai.



Foto 6. 22/09/2007. Unha captura pouco habitual. Especie: *Lullula arborea*. Autor: © Pablo Sanmartín / Anduriña.



Foto 7. 22/09/2007. Recén collido da rede. Especie: *Turdus merula*. Autor: © Roi Fernández / La Voz.



Foto 8. 22/09/2007. A perseverancia dá os seus froitos. Especie: *Saxicola rubetra*. Autor: © Pablo Sanmartín / Anduriña.

De onde estabamos anelando, foron eliminados meses atrás centos de metros cadrados de sebes por mor da concentración parcelaria, obedecendo unha (resesa) política agraria que prima a cantidade en detrimento da calidade... todo o contrario do que se recomenda e se subvenciona hoxe en día desde Bruxelas: nos países “ricos” da Europa dos 25, primase agora o conservar eses reductos de agricultura tradicional, potenciar os policultivos e apostar pola calidade dos produtos. Mágoa esta oportunidade desaproveitada, e mágoa de hábitat para as papuxas e outros animais.

Boa parte de nós (o grupo Anduriña ao completo) decidimos seguir os pasos do grupo Píllara e ir á zona fronteiriza entre Bóveda e a Pobra do Brollón, unha vez Emilio comprobou a boa densidade de aves naquel lugar en comparativa co primeiro, incluíndo unha fermosa observación de oito chascos norteños xuntos.

A idea inicial de tender as redes cruzando o camiño foi desbotada ao mesmo tempo que un tractor tentaba avanzar por este, polo que houbo que, primeiro, recoller as redes máis próximas a este, mover os coches e buscar zonas despexadas nos bordes do camiño, perpendicularmente e alonxándose deste, para aproveitar o “efecto borde” das sebes e do monte baixo.

As capturas foron numerosas e se prolongaron ata a tardiña, momento no que se observou unha avenoiteira cincuenta (*Caprimulgus europaeus*) algo serodia e marchaban os de Píllara cara A Coruña (Alberto, Alexia, Pablo, Diana e os cadelos) e pouco despois Martiño Cabana no seu coche cara Lugo. E aquí xurde un capítulo negativo nesta historia, unha vez que Martiño se saíu aparatosamente co seu coche nunha curva, amolando a parte dianteira dereita do vehículo e precisando a axuda dun guidastre para ir á súa casa en Lugo. Vaía susto.

A cea foi no comezo un pouco fría pero logo foise tornando morna a medida que papabamos algo e contabamos anécdotas, e logo, claro, quentouse definitivamente coa queimada máis saborosa que moitos de nós probamos desde que temos uso de razón (Paco, é un fenómeno). Só faltou cantar algún alalá ao máis puro estilo Gayoso.

Os inevitábeis efluvios alcólicos e a saraiva adiantaron a hora de deitarse, desta volta sen corzos berrando na tranquilidade da noite.



Foto 9. 22/09/2007. Datado e sexado de papuxas, por membros do grupo Anduriña. **Especie:** *Sylvia melanocephala* (dereita). Autor: © Roi Fernández / La Voz.



Foto 10. 21/09/2007. Nidificante local ou migrante?. **Especie:** *Anthus trivialis*. Autor: © Paco Rosende / Hércules.



Foto 11. 22/09/2007. E máis aves prestosas! O que suxeita á ave é Paco Rosende. Por momentos a ave suxeitaba a Paco co seu bico. **Especie:** *Lanius meridionalis*. **Autor:** © Roi Fernández / La Voz.

O domingo amenceu con néboa e algo de chuvia, que impediu máis capturas. Así a todo, capturamos unha folosa manchada (*Locustella naevia*) [foto 12] á vez que chegaba ás nosas mans o cadáver desa mesma noite dunha femia de moucho (*Athene noctua*) que sucumbiu ante un letal parabrisas dun coche na vila de Bóveda. Tras examinalo, decidimos que o mellor era cedelo a un museo, e así o fixemos uns poucos días despois Martiño Cabana e o que redacta estas liñas depositando a ave no Museo de Historia Natural Luis Iglesias de Santiago de Compostela.



Foto 12. 23/09/2007. Algúns migradores cairon na rede; este o fixo moi de mañá. **Especie:** *Locustella naevia*. **Autor:** © Cosme D. Romai.

Augusto de Castro chegou tamén pola mañá, e pouco despois o grupo Torquilla arrancaba rumbo a Asturias. Os que quedabamos, mentras demontabamos as redes tras a discreta “pesca” da mañá, xa estábamos pensando na xuntanza do ano seguinte.

Como broche final, e antes de que a maior parte do continxente marchara para casa, unha captura tan sorprendente como prestosa: un macho de gavián (*Accipiter gentilis*) cae unhas redes dun de nós (Pablo Sanmartín), que nunha das fotos [foto 14] se ve suxeitando ao exemplar.




Foto 13. 23/09/2007. Arriba, detalle das partes inferiores e á despregada da ave. **Especie:** *Accipiter nisus*. **Autor:** © Pablo Sanmartín / Anduriña.

Fotos 14 e 15. 23/09/2007. Abaixo, primeiros planos dunha fermosa ave de rapina. **Especie:** *Accipiter nisus*. **Autor:** © Francisco Rosende / Hércules.



Foto 16. 22/09/2007. Este ferreiriño azul peteirou máis dunha vez ao anelador (Manuel Alonso / Anduriña). **Especie:** *Parus caeruleus*.
Autor: © Cosme D. Romai.



Foto 17. 22/09/2007. O contorno arbóreo con carballos e piñeiros propicia a aparición de especies como o ferreiriño rabilongo, que tamén foi capturado nas xornadas de anelamento. **Especie:** *Aegithalos caudatus*. **Autor:** © Cosme D. Romai.

Bóveda, 21 a 23/09/07



C. D. Romai

Resultados

Grupo

Hércules +
Torquilla

Pillara

Anduriña

Total

Nome científico	Nome galego	Hércules + Torquilla			Pillara			Anduriña			Total	
		Capturas	Recapturas	Anela	Capturas	Recapturas	Anela	Capturas	Recapturas	Anela	Capturas	Recapturas
<i>Accipiter nisus</i>	Gabián							1			1	
<i>Lullula arborea</i>	Cotovía das árbores							1			1	
<i>Anthus trivialis</i>	Pica das árbores	7						2			9	
<i>Troglodytes troglodytes</i>	Carriza	9						7			16	
<i>Prunella modularis</i>	Azulenta	2									2	
<i>Erithacus rubecula</i>	Paporrubio	41	4	N414670 N414671 N414755 N414684	7			44			89	4
<i>Saxicola rubetra</i>	Chasco norteño							1			1	
<i>Saxicola torquatus</i>	Chasco	3			1			8			12	
<i>Turdus merula</i>	Merlo	6	1	3197536	1			13	3	3197504 3197541 3269853	23	4
<i>Turdus philomelos</i>	Tordo común							1			1	
<i>Cisticola juncidis</i>	Carriza dos xuncos							1			1	
<i>Cettia cetti</i>	Rousinol bravo				1			1	1	N172731	2	
<i>Locustella naevia</i>	Folosa manchada							1			1	
<i>Acrocephalus scirpaceus</i>	Folosa das canaveiras	3									3	
<i>Hippolais polyglotta</i>	Folosa amarela	1									1	
<i>Sylvia undata</i>	Papuxa do mato							2			2	
<i>Sylvia communis</i>	Papuxa común							2			2	
<i>Sylvia melanocephala</i>	Papuxa cabecinegra	1						11	1	N414773	13	
<i>Sylvia atricapilla</i>	Papuxa das amoras	17			4	1	N378267	18			39	
<i>Sylvia borin</i>	Papuxa picafollas	2						2			4	
<i>Phylloscopus ibericus</i>	Picafollas ibérico	1						1			2	
<i>Phylloscopus trochilus</i>	Picafollas musical	7									7	
<i>Regulus ignicapilla</i>	Estreliña riscada							1			1	
<i>Ficedula hypoleuca</i>	Papamoscas negro	3									3	
<i>Aegithalos caudatus</i>	Ferreiriño rabilongo	1						11	1	DY7476	13	
<i>Parus caeruleus</i>	Ferreiriño azul	5						8			13	
<i>Parus major</i>	Ferreiriño abelleiro	29			0	1	2A205947	7	1	2A184868	37	
<i>Lanius meridionalis</i>	Picanzo real	1									1	
<i>Fringilla coelebs</i>	Pimpín	2									2	
<i>Serinus serinus</i>	Xirín	2									2	
<i>Carduelis chloris</i>	Verderolo	12						13			25	
<i>Carduelis carduelis</i>	Xilgaro							1			1	
<i>Carduelis cannabina</i>	Liñaceiro común	2									2	
<i>Emberiza cirius</i>	Escribenta común	2									2	
	Especies	23			6			23			34	
	Capturas novas	159			14			158			331	
	Contróis	5			2			7			14	
	Total capturas	164			16			165			345	aves

Anelas empregadas

N378221-N378300 (80)
 N378301-N378306 (6)
 DJ2362-DJ2386 (25)
 3302708-3302714 (7)
 2A205935-2A205974 (41)
 N183096-N183100 (5)
 N341901-N341907 (7)
 3220962 (1)
 FC4042 (1)
 ER0609-13 (5)
 FE1999-FE2037 (39)
 N547100 (1)
 N547301-N547303 (3)
 N567677-N567700 (24)
 N665601-N665662 (62)
 2A196329 (1)
 2A196412-2A196419 (8)
 3258642-3258655 (14)
 4112876 (1)

Hércules

Francisco Rosende
 Felipe Calviño

Torquilla

José Vicente González
 Bartolomé Muñoz
 Blanca Rodríguez

Pillara

Diana Fernández
 Alexia del Río
 Pablo Pita
 Alberto Monteagudo

Anduriña

Emilio Martínez
 Antonio Fernández
 David Graña
 Simón Rial
 Rubén Portas
 Verónica Calviño
 Pablo Sanmartín
 Alba Dasairas
 Miguel Mora
 Manuel Alonso
 Soledad Bastos
 Cosme D. Romai

Tamén participaron: Marisa Fandiño, Doel Martínez, Francisco Albo, Roi Fernández, Augusto de Castro, Martiño Cabana.

Fotos: Pablo Sanmartín, Francisco Rosende, Roi Fernández, Cosme Damián Romai.

Deseño e edición: Cosme Damián Romai.

Autoría conxunta: Grupos de Anelamento Anduriña, Hércules, Pillara e Torquilla.

Publica: Sociedade Galega de Ornitoloxía. <http://www.sgosgo.org>.